

10 Anos do Centro Irlandés de Estudos Galegos
Years of the Irish Centre for Galician Studies

Photograph by Ruth M. Anderson. Used by permission of The Hispanic Society of America, New York.



Irish Centre for Galician Studies
&
Department of Hispanic Studies

CONGRESO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL CONFERENCE

**Sobre o tempo e as palabras:
a cultura galega contemporánea a exame**

**On Time and Words:
Examining Contemporary Galician Culture**

University College Cork
O'Rahilly Building, ORB 1.56

Mércores 25 - Venres 27 xuño 2008
Wednesday 25 - Friday 27th June 2008

ENTRADA GRATUÍTA / ADMISSION FREE

PROGRAMA / PROGRAMME

MÉRCORES 25 / WEDNESDAY 25TH

- 15:30–16:00 Inscrición e benvida / Registration and Welcome
(ORB. Social Area, First Floor–Block B East)
Saúdo inaugural de David Mackenzie / Opening address
by Professor David Mackenzie
- 16:00–17:00 **Conferencia / Keynote Lecture 1** (ORB 1.56)
Presentación / Introduction: Craig Patterson
- Miguel-Anxo Murado (Escritor e xornalista / Writer and journalist)
Os tabús da diglosia
- 17:00–17:45 Presentación do libro / Launch of *From the Beginning of the Sea: Anthology of Contemporary Galician Short Stories*, Centro de Estudos Galegos, The Queen's College, University of Oxford (Brighton: Foreign Demand (Boca2mouth), 2008).
(Café Panorama, Student Centre)
- Intervirán / Speakers: María Liñeira and Miguel-Anxo Murado
- 17:45–19:00 Recepción / Reception (Café Panorama, Student Centre)
- 19:30 Cea / Dinner (fóra do programa / out of programme)



XOVES 26 / THURSDAY 26TH

9:00–11:00 **Sesión / Session 1: Historia e xeografía / History and Geography** (ORB 1.56)

Moderador/ Chair: Álex Brea

9:00–9:40 Ofelia Rei Castelao (Universidade de Santiago de Compostela)
A Historia de Galicia, as historias de Galicia

9:40–10:20 Patrick O’Flanagan (University College Cork)
New Geographies of Galicia. Fifty years of change?

10:20– 11:00 Carlos Baliñas Pérez (Universidade de Santiago de Compostela)
Unha Historia de Galicia para os galegos e galegas do século XXI

11:00–11:30 Descanso / Coffee break

11:30–12:50 **Sesión / Session 2: Lingua e sociedade / Language and Society** (ORB 1.56)

Moderador / Chair: David Mackenzie

11.30–12:10 Henrique Monteagudo (Consello da Cultura Galega)
25 anos de Lei de Normalización Lingüística: un balance

12:10–12:50 Burghard Baltrush (Universidade de Vigo)
Traducindo a nación: Galicia e a Lusofonía nos albores do século XXI

13:00–14:30 Xantar / Lunch (Café Panorama, Student Centre)






- 14:30–16:30** **Sesión / Session 3: Medios de comunicación e música / Media and Music (ORB 1.56)**
Moderador / Chair: Miguel-Anxo Murado
- 14:30–15:10 Anxo Quintela (CRTVG)
Galician Broadcasting Corporation: estándar lingüístico e modelo de medios públicos de comunicación en Galicia
- 15:10–15:50 Xurxo Souto (CRTVG)
“Voces Ceibes”, 1968. Corenta anos da “Nova Canción Galega”
- 15:50–16:30 Olga Nogueira (IGAEM)
Galiciantunes. Music made in Galiza
- 16:30–17:00 Descanso / Coffee Break
- 17:00–18:00** **Conferencia / Keynote Lecture 2 (ORB 1.56)**
Presentación / Introduction: Martín Veiga
- Professor David Mackenzie (University College Cork)
Dez anos do Centro Irlandés de Estudos Galegos
- 18:00–18:30 Música tradicional irlandesa / Traditional Irish Music
(Café Panorama, Student Centre)
Músicos / Musicians: Catherine Carey, Louise Cronin,
Fiachra Ó Corragáin and Oisín Ó Corragáin
- 18:30–19:30 Recepción / Reception (Café Panorama, Student Centre)
- 20:00 Cea do congreso / Conference Dinner (Jurys Hotel, Western Road)

VENRES 27 / FRIDAY 27TH

- 9:00–11:00** **Sesión / Session 4: Estudos de posgrao sobre temática galega / Galician Postgraduate Studies (ORB 1.56)**
Moderadora / Chair: Mónica Ares
- 9:00–9:40 María Liñeira (The Queen's College, University of Oxford)
The Canonization of Álvaro Cunqueiro
- 9:40–10:20 Álex Brea (University College Cork)
Primeiros contactos entre os Finisterres atlánticos
- 10:20– 11:00 Aoileann Lyons (University College Cork)
Violence, Knowledge and Power: the female subject in Queixumes dos pinos
- 11:00–11:30 Descanso / Coffee Break
- 11:30–12:50** **Sesión / Session 5: Normas e formas / Norms and Forms (ORB 1.56)**
Moderador / Chair: David Mackenzie
- 11.30–12:10 Francisco Dubert García (Universidade de Santiago de Compostela)
¿É posible unha normativa científica para o idioma galego? Análise da evolución dalgunhas propostas normativas
- 12:10–12:50 Ana Isabel Boullón (Universidade de Santiago de Compostela)
Sobre a restitución das formas galegas na antroponimia: ¿avanzamos?
- 13:00–14:30 Xantar / Lunch (Café Panorama, Student Centre)





14:30–16:30

Sesión / Session 6: Literatura / Literature (ORB 1.56)

Moderadora / Chair: María Liñeira

14:30–15:10

Martín Veiga (University College Cork)

Imaxe, ficción, errabundia: consideracións sobre A man dos paíños, de Manuel Rivas

15:10–15:50

Anxo Tarrío Varela (Universidade de Santiago de Compostela)

Espazos culturais e literatura na Galicia contemporánea

15:50–16:30

Laura Tato Fontaiña (Universidade da Coruña)

Do Teatro Independente á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

16:30–17:00

Descanso / Coffee Break

17:00–18:30

Mesa redonda / Round Table Discussion (ORB 1.56)

Moderador / Chair: Craig Patterson

Visibilidade e proxección da cultura galega na idade da globalización: conclusións e desafíos / Visibility and Projection of Galician Culture in the Age of Globalisation: Conclusions and Challenges

Ana Isabel Boullón, Miguel Anxo Fernán-Vello, David Mackenzie, Henrique Monteagudo, Miguel-Anxo Murado, Olga Nogueira, Anxo Quintela

18:30

Clausura do congreso / Conference Close

INFORMACIÓN / INFORMATION

“Sobre o tempo e as palabras: a cultura galega contemporánea a exame”

Xa van aló dez anos desde que a lingua e a cultura galegas chegaron de maneira oficial á cidade irlandesa de Cork para incorporárense ao currículo dos estudantes de Hispánicas. Nacía o Irish Centre for Galician Studies. Nestes anos de existencia, o Centro de Estudos Galegos de Cork non só fomentou o ensino formal académico senón tamén a participación activa, o debate, o intercambio, a investigación dos estudantes irlandeses sobre a cultura de Galicia.

Por todo isto, para celebrar estes dez anos quixemos propoñer un foro de debate multidisciplinar que outorgase unha visión global da cultura galega. Quere ser unha ocasión para a introspección e para a proxección. Introspección porque é unha análise de como ten cambiado Galicia, e as repercusións na súa propia imaxe literaria e cultural. Tamén é unha proxección porque con esa imaxe debemos afrontar os desafíos do mundo global e moderno. Intentaremos darlles resposta a estas cuestións en varios bloques temáticos:

-Lingua. Como lingua minoritaria, o galego debe valorar continuamente as súas posibilidades de supervivencia e éxito e revisar as estratexias con que conta para conseguilo.

-Literatura. Moitos dos obstáculos que a lingua ten por diante aféctanlle tamén á literatura. Pero a literatura conta tamén con condicionamentos e vías de desenvolvemento propios.

-Historia e xeografía. Dúas disciplinas ben importantes na construción da imaxe que un pobo ten de si mesmo.

-Os medios de comunicación e a música. A música forma parte de Galicia desde sempre, pero desde logo este é o mellor momento para a súa difusión.

A análise destes cambios e desafíos completaran tres estudantes de posgrao que están traballando neste momento sobre temas galegos en Gran Bretaña e Irlanda.

As dúas conferencias plenarias que compoñen o comezo e o ecuador do encontro son especialmente significativas. A primeira será pronunciada polo escritor, recentemente galardoado co Premio da Crítica de Galicia, Miguel-Anxo Murado. A segunda será unha análise da evolución do Centro de Estudos Galegos de Cork nestes dez anos e o encargado de departir sobre este tema será o director do centro, o catedrático David Mackenzie.

Como se chega?

A cidade de Cork conta cun aeroporto internacional e a este aeroporto chegan diariamente voos domésticos e internacionais. Os voos máis relevantes para quen voe desde Galicia son aqueles que chegan desde Dublín e Londres. As conexións diarias máis sinxelas para chegar a Cork son, pois, aquelas que conectan os aeroportos galegos coas capitais inglesa e irlandesa. Existen tamén tres voos semanais directos entre Barcelona e Cork.

Desde Dublín é tamén posible chegar a Cork en tren ou en autobús. En autobús, hai varias compañías que comunican os aeroportos de Dublín e Cork, entre elas cómpre salientar Aircoach, que vai do aeroporto de Dublín a Patrick's Quay en Cork. Un billete de ida e volta custa uns 15€. Existe tamén un tren cada hora que comunica Dublín con Cork entre as 7:00 e as 21:00. O prezo aproximado dun billete de tren de ida e volta é duns 60€. Poden obter máis información en http://www.irishrail.ie/your_journey/printed_timetable_pdfs/2008/Dublin%20Cork%2008.pdf.

O aeroporto atópase a uns 8 quilómetros ao sur da cidade. Existen buses que fan o percorrido do aeroporto cada media hora desde as 4:20 ata as 00:15, concretamente a compañía Skylink, que ten unha das súas paradas a tres minutos camiñando do campus (<http://www.skylinkcork.com/timetable.htm>). Tamén a compañía Bus Éireann fai o percorrido desde o aeroporto ata a estación de autobuses de Cork desde as 7:50 ata as 21:30 (<http://www.buseireann.ie/pdf/1209047154-Table-226.pdf>). A posibilidade alternativa é alugar un taxi, servizo que ten un prezo aproximado de 15/20€.

Os buses urbanos que percorren a cidade son da compañía Bus Éireann e as liñas que van á universidade son a 5 e a 8.

Se queren viaxar a Cork no seu propio coche, existen servizos de ferry desde Gales e desde a Bretaña francesa. A xornada desde Swansea, Gales, cóbrea a compañía Swansea Cork Ferries e ten unha duración de nove horas. Durante o verán é posible viaxar en ferry tamén desde Roscoff (Bretaña francesa), unha vez á semana con Brittany Ferries.

Unha vez na cidade, para chegar á UCC hai que seguir os indicadores cara a Killarney e ir cara ao oeste por Washington Street. Á esquerda queda o Jurys Hotel e pouco despois está un dos principais accesos ao campus. Xusto antes desta entrada hai uns semáforos nos que hai que virar á esquerda e subir Donovan's Hill. Unha vez subimos toda a costa, vírase á dereita para entrar en College Road. A principal entrada de vehículos no campus está a 200 m. na mesma College Road. Con todo, aparcar no campus é case imposible.

A maneira máis doada de entrar en Cork por estrada é facelo desde o South Ring Road (N25) ata a rotonda da estrada de Wilton/Sarsfield. Unha vez alí hai que seguir os indicadores de "Cork University Hospital" ou "City Centre".

De Cork

Cork é unha cidade do suroeste de Irlanda, pertencente ao condado do mesmo nome na provincia de Munster. O nome procede do gaélico Corcaigh, que quere dicir "terreo pantanoso" e que non debe de ser alleo á existencia do Lough (lago en irlandés) e ao feito de que o río Lee atravesa a cidade dividido en dous brazos.

Cork é unha cidade universitaria, nova e bulideira. As bifurcacións do río, e as numerosas pontes fana tamén un pouco confusa. Igualmente confuso pode resultar ao principio o acento local, cualificado noutras partes do país de "cantarín".

Cork é tamén o condado rebelde, coñecido por ese nome pola resistencia dos seus habitantes en case todos os numerosos conflitos que golpearon o país. Froito dese ambiente bélico, a cidade ardeu varias veces, a última durante a guerra de

independencia contra os ingleses, en 1920. Dous dos seus alcaldes republicanos máis coñecidos morreron tamén resistindo o dominio inglés: Tomás MacCurtain e Terence MacSwiney.

Irlanda experimentou un crecemento económico notable nos últimos 15 anos, unha pequena revolución económica coñecida como o tigre celta. Como consecuencia disto, Cork abandonou a súa condición de cidade rural e recibiu abondoso investimento estranxeiro e desenvolveu unha serie de sectores industriais, especialmente o farmacéutico e o informático. Á parte deste rápido crecemento económico e industrialización, a cidade segue nutréndose de habitantes das zonas rurais de West Cork e conserva así un ambiente tranquilo e amigable.

Esa relación coas zonas rurais dos arredores permítelle contar coas impresionantes provisións que podemos ver e mercar no English Market, nome polo que é coñecido o mercado local construído no XIX e que merece unha visita. Tamén merecen visita o Lough, coa súa reserva natural de aves e algún dos museos dedicados á industria local, como pode ser o da manteiga ou a fábrica da cervexa Beamish.

De University College Cork

UCC fundouse en 1845 como un dos tres Queen's Colleges da illa xunto con Galway e Belfast.

O edificio máis antigo do campus é o Main Quadrangle, un edificio de estilo gótico onde se atopan a Aula Magna e o reitorado.

Outro edificio a ter en conta é o moderno O'Rahilly Building. Neste edificio atópase a facultade de Arts e Celtic Studies e dentro dela atópase o Hispanic Department. O Irish Centre for Galician Studies intégrase dentro deste departamento.

Hoxe UCC é unha das catro universidades que forman parte da Universidade Nacional de Irlanda e conta con 16.000 estudantes, dos que 3.000 son estudantes de terceiro ciclo.

Atoparán máis información sobre a cidade e a universidade nas seguintes páxinas web:

<http://www.corkcorp.ie/aboutcork/>

<http://www.corkcorp.ie/tourism/>

<http://www.discoverireland.ie/southwest/cork.aspx>

<http://www.ucc.ie/en/>

Se vostede desexa obter máis información sobre este congreso ou está interesado en asistir pregámoslle que se poña en contacto con Mónica Ares no seguinte enderezo electrónico: m.aresameijide@ucc.ie.

UCC MAIN CAMPUS



COMITÉ ORGANIZADOR / ORGANISING COMMITTEE

Mónica Ares (University College Cork)
Gonzalo Camiña (University College Cork)
David Mackenzie (University College Cork)
Craig Patterson (University of Cardiff)
Martín Veiga (University College Cork)

COA COLABORACIÓN DE / WITH THE COLLABORATION OF



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



Embajada de España en Irlanda
Embassy of Spain in Ireland



CONTACTE CON NÓS / CONTACT US

Irish Centre for Galician Studies
O'Rahilly Building, ORB 1.55
First Floor - Block B East
University College Cork
Cork
Ireland
Tel. +353 (0) 21 4903271
Fax. +353 (0) 21 4903264